



Convocatoria para confeccionar o calendario das competicións ou eventos deportivos que se vaian celebrar nas instalacións deportivas municipais ou na rúa durante o ano 2018.

1. Obxecto.

O Concello vai confeccionar un calendario de competicións e de eventos deportivos que se vaian celebrar durante o ano 2018, co obxecto de realizar unha previsión e difusión axeitada da actividade deportiva na cidade así como a planificación de diferentes liñas de colaboración cos promotores das mesmas. Polo tanto, ábrese unha convocatoria para solicitar a inclusión no calendario municipal de competicións ou eventos deportivos que se celebrarán durante o ano 2018 na nosa cidade e para planificar deste modo a dispoñibilidade de espazos, tanto nas instalacións deportivas municipais, como nos espazos abertos da cidade.

1.1. Aos efectos desta convocatoria entenderase por “competicións” e “eventos deportivos” o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

1.2. Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as fases regulares das competicións, xa fixadas ao inicio da tempada deportiva das respectivas federacións deportivas de cada modalidade.

1.3. A inclusión da competición ou evento deportivo proposto no calendario **non implica que se converta nunha actividade municipal, nin que os promotores vaian obter algún tipo de axuda económica por parte do Concello.**

1.4. Unha vez confirmada a inclusión no calendario, os promotores que desexen a colaboración do Concello deberán participar nas convocatorias públicas de axudas económicas que se convoquen.

1.5. No caso de precisar a ocupación ou uso de bens municipais e unha vez publicado o calendario, os promotores deberán:

1.5.1. Solicitar o uso das instalacións e medios materiais municipais non funxibles.

1.5.2. Solicitar a preceptiva autorización de ocupación da vía pública se se trata dunha actividade ao aire libre.

1.6. A inclusión neste calendario daralle aos promotores preferencia ante outros solicitantes, pero non supón un compromiso firme para os promotores; senón que se trata dunha mera previsión de ocupación de datas e espazos.

2. A convocatoria está dirixida a asociacións, clubs, federacións e fundacións e demais entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas como tales e inscritas no rexistro correspondente.



3. Presentación de solicitudes:

- 3.1. As solicitudes poderán presentarse en liña na sede electrónica municipal, www.coruna.gal/deportes, e nos rexistros municipais da Cidade Deportiva da Torre, do Polideportivo do Barrio das Flores e do Palacio dos Deportes de Riazor.
- 3.2. O prazo para presentar solicitudes rematará as 14:00 horas do 15 de marzo de 2018.
- 3.3. A proposta do calendario, o prazo de emenda e a resolución de aprobación do mesmo serán publicados na web, nos taboleiros de anuncios dos centros deportivos e no teléfono de atención cidadá 010.

4. A solicitude deberá indicar:

- 4.1. Identificación da entidade: nome, número de rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ou -no seu caso- no Rexistro Xeral de Asociacións, e número de inscrición do Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas.
- 4.2. Identificación dos responsables da proposta: nome, apelido, DNI, teléfonos, correo electrónico, etc.
- 4.3. Nome da competición/evento deportivo.
- 4.4. Antigüidade da competición/evento deportivo.
- 4.5. Lugar: instalación deportiva municipal que se solicita, ou outro espazo público.
- 4.6. Datas e horarios en que terá lugar.
- 4.7. Ámbito de celebración: local, provincial, autonómico, estatal ou internacional.
- 4.8. Modalidade deportiva e/ou especialidades deportivas.
- 4.9. No caso de ser un circuíto urbano ou marítimo, farase unha descrición do percorrido coas súas posibles alternativas .
- 4.10. Categorías: sexo, idades, para persoas con discapacidade, popular e/ou federada.
- 4.11. Participación estimada.
- 4.12. Declaración responsable de aceptar todas as condicións da presente convocatoria e de que os datos que se achegaren son certos.

5. No suposto de que houbese un conflito de data e lugar, para incluír no calendario unha determinada actividade levaranse a cabo -sucesivamente e por esta orde- os seguintes trámites:



5.1. Daráselle traslado ás entidades propoñentes que están en conflito para que modifiquen a súa solicitude co fin de que poida ser viable.

5.2. No suposto de non acadarse a modificación, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios para determinar a preferencia:

- 5.2.1.** A actividade competitiva oficial terá preferencia sobre o evento deportivo.
- 5.2.2.** Dentro das actividades competitivas, primarán as de categoría ou nivel superior fronte ás inferiores.
- 5.2.3.** Dentro da mesma categoría ou nivel de competición, no suposto de eventos terase en conta a categoría ou nivel superior máximo dos participantes que teñen na actualidade; o criterio a seguir será a incidencia da actividade segundo o número estimado de persoas (tanto participantes como espectadoras).
- 5.2.4.** Se se mantén a igualdade, daráselle preferencia á actividade que teña un maior número de edicións anteriores e, de ser necesario, terase en conta o número de edicións celebradas na cidade.
- 5.2.5.** Finalmente, faríase un sorteo se fose necesario.

6. Durante a instrución que preceda a resolución definitiva de aprobación do calendario poderase requirir aos peticionarios as aclaracións e documentos precisos para valorar con exactitude a actividade proposta.

7. Logo de rematar o prazo de publicación das propostas seleccionadas para que se poidan formular as alegacións que se consideren oportunas por todos os interesados, publicarase nos lugares anteditos a resolución definitiva que aprobará o calendario e que resolverá, se for o caso, as alegacións que se presentasen no trámite anteriormente dito de información pública.

8. O Concello poderá modificar de xeito motivado o calendario de eventos cando fose preciso para executar unha actividade de promoción municipal. Nese caso daráselle traslado previo aos interesados para que aleguen o que estimen conveniente na defensa dos seus intereses.

A Coruña, 26 de febreiro de 2018

O concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento

José Manuel Sande García.